

A neve e o lume

Chelo Suárez



BAÍA EDICIÓNS



Chelo Suárez

O mellor don con que fun bendicida ao nacer foi cunha sede infinita de libros. O gusto por respiralos e lelos, tan pronto aprendín a ler. Poeta e narradora, dedícome a crear universos que conxugan o realismo e a maxia. Asinei diversos textos cos pseudónimos de Puliana Marful e Amara Orzania. Autora das seguintes obras de narrativa e poesía: *Flor de xiz* (Primerapersona, 2003), *A Venus de cristal* (Edicións Xerais, 2008), *Os milagres de Cristamar* (Positivas, 2008), Premio de Narrativas Quentes en 2008, *As horas rotas* (Sotelo Blanco, 2010), gañadora do Premio de novela curta Lueiro Rey en 2010. Primeiro premio da edición XIII do Ánxel Fole de Narración curta (2011), por *Recandos*, e Primeiro premio Adiala de narración curta (2011), por *Monólogos dun cadáver*. Finalista do Premio Manuel Murguía de narracións breves en 2012, por *Momentos de néboa e luz*. En poesía, *Corpo de mar* (Espiral Maior, 2008), Segundo premio do Pedrón de Ouro en 2008.

Prólogo

Vén Chelo Suárez, tal como acostuma, torrencial na palabra, desbordada na imaxinación, atinada na creación de mundos, a nos mergullar nun soño ou pesadelo baixo o título de *A neve e o lume*.

Desde *The Castle of Otranto*, o lugar privilexiado dos medos, e aínda do terror, ten paredes vetustas, ventás á noite, sons estarrecedores. Así a Gran Mansión e o seu soto onde Negraneve (repárese no oxímoro do nome) chega á vida ou ao tempo que, se cadra, nin iso é. Mais os sons, que tamén os hai, adoitan ser outros.

Vén Chelo Suárez guiada por Alejandra Pizarnik cuxos versos son a epígrafe de cada capítulo, con ecos do mundo de Erzébet (Elisabeth ou Elizabeth) Báthory, a condesa sanguenta, aquela que fixera do sadismo máis brutal o seu emblema até se converter en paradigma da crueldade sen límites ao servizo do pracer sexual. Mais aquí non hai outra tortura que o alento axeado do misterio, o rostro da morte cando esta é violada, os poderes do Maligno desencadeados como a tormenta perfecta. O perigo axexa, docísimo, tras a porta. Traspasala é chegar ao mundo dos mortos viventes, aboiar para sempre entre o ser e o non ser.

Vén, sen pudores nin eufemismos, porén delicada, cunha historia imposíbel, mais verdadeira por coherente, co seu sentido alén da realidade.

Porque, a que tes nas mans, lector ou lectora afortunado na túa escolla, é unha novela gótica que, se gustas deste xénero, non te ha decepcionar.

Seguramente o máis difícil, e tamén o fundamental nunha novela destas características, é a creación dunha atmosfera mesta de sombras e misterio. A isto serve a localización á que xa me referín, mais que non remata nas paredes da casa e os cuartos clausurados, senón que os atravesa e nos leva a un bosque sombrío poboado pola néboa ou á cripta funeraria onde se desencadeara –ou desencadeará– o maleficio.

Non falta o malvado atractivo, quizais o primeiro en menor medida que o segundo, porque á fin se move pola necesidade de zugar vida e isto faino amorosamente e, a diferenza do clásico Drácula, dun xeito incruento. Nin falta, en consecuencia, a inocente doncela a quen el persegue. Cúmprese así co ingrediente do amor, imprescindible nos relatos deste xénero. O heroe que loita por salvara non é, neste caso, o clásico nobre que, vencido o monstro, acabará casando coa protagonista. Son os pais, a Cociñeira e o Leñador, os que intentarán deter as forzas do mal.

Os obxectos máxicos, aquí un paxaro de papel e un estraño libro, son tamén característicos das novelas góticas.

Porén, hai perspectivas novas –algunhas xa sinaladas– no relato.

Non penso que me deixe levar polas miñas filias se destaco a ollada feminista que a autora verte na rapaza, Negraneve para a Xente de Arriba, Flor de Lume para os pais. É unha rapaza curiosa que quere explorar o mundo en por si, a se afastar dos dogmas que lle transmiten. Será esa mesma curiosidade a que a lance ao abismo, mais tamén a que a converta en heroína, a que produza que a súa vida mereza ser contada.

Perfecto o manexo dos tempos, a confluencia suxerida de diferentes épocas nuns mesmos sucesos, a mestura de realidade e soño, de alucinacións e mais de encontros no mundo tanxíbel.

Sorprendente o ton poético, as fermosas imaxes coas que a autora nos fai percibir beleza no que de seu causaría espanto.

E, por último, cómpre destacar a polisemia do texto. Tal como o conto da Carapuchiña Vermella, en *A neve e o lume*, hai unha segunda lectura, unha mensaxe cifrada nas palabras da nai a previr a filla dos perigos que axexan ás rapaciñas cando se achegan á idade núbil. Non por casualidade será a chamada do erotismo, o espertar da paixón amorosa, o que a arrastrará a un final non desexábel.

Mais non hai didactismo nin mensaxes moralizantes por parte da voz narradora. Non hai sentenza ou corolario. Hai, intúese, como na versión da Carapuchiña dos irmáns Grimm, unha segunda oportunidade. A historia talvez volva empezar ou non teña acontecido aínda.

Porque estamos diante dun relato circular, ou quizais dun remuíño que nos arrastrará até onde a nosa propia

capacidade de soñar llo permita. Cómpre, xa que logo, non opoñer resistencia para facermos posíbel a viaxe, esa nosa propia aventura lectora entre o lume e a neve.

Marica Campo

*A Sabela Doldán Saínz. Namorada, coma min,
do misterio, da beleza e das palabras.*

Niña en jardín

Un claro en un jardín oscuro o un pequeño espacio de luz entre hojas negras. Allí estoy yo, dueña de mis cuatro años, señora de los pájaros celestes y de los pájaros rojos. Al más hermoso le digo:

—*Té voy a regalar a no sé quién.*

—*¿Cómo sabes que le gustaré? —dice.*

—*Voy a regalarte —digo.*

—*Nunca tendrás a quien regalar un pájaro —dice el pájaro.*

Alejandra Pizarnik.

—*Vou cos meus pétalos
amortallar paisaxes
—dicia a neve.*

Libro primeiro

Negraneve

I

Veu ao mundo unha noite moi fría no leñeiro da Gran Mansión, onde a nai desempeñaba o oficio de Cociñeira e o pai, o Leñador, era o encargado de alimentar coas ramas e a madeira seca dos bosques murchos a voracidade dos fogóns e chemineas do enigmático e lúgubre pazo.

Para que a Xente de Arriba tivese sempre a punto os seus manxares, e non pasasen frío nas enormes e xeadas estancias que moi raras veces abandonaban.

Estancias de angostas ventás guarnecidas cun dobre vidro e filigranas de chumbo.

Desde esas ventás
día tras día, mes tras mes, ano tras ano,
contemplábase o mesmo e monótono panorama.

Unha branca e deserta estepa invernal.

Cuberta por un ceo amortallado en gris.

Un ceo no que xamais brillaba o sol, lucían as estrelas ou florecía a lúa.

Aquela noite

Ah! Aquela noite...

Aquela noite escura e desapracible, os choros da neonata, impoñéndose ao zunido do vento, coáronse polo tiro da cheminea, causándolle un gran sobresalto á Xente de

Arriba, que neses momentos estaba entregada ao seu pasatempo favorito.

O sono.

A Xente de Arriba
había moito, moitísimo tempo que esquecera como era o rostro e o pranto dun neno.

A Xente de Arriba

era lánquida e preguiceira, moi preguiceira. E misteriosa, moi misteriosa...

E non facía outra cousa que quentarse xunto ao lume coa ollada moi atenta aos movementos das lapas

E comer en horas puntuais os alimentos que o Mordomo ordenaba guisar á Cociñeira, aderezados, seguindo ao pé da letra as instrucións dun estraño receiptario de cociña, con fungos e mofos de catacumba, ovos de araña, viscosas xelatinas de sabe deus que, e outras lindezas, que os amos saboreaban con deleite, para logo entregarse ás súas longas, longuísimas sestas.

Ás veces, en calquera momento do día ou da noite.

Sobre todo da noite

os de Arriba interrompían repentinamente o Gran Silencio

para manifestar os seus sentimentos a través dunha estraña música.

Música que eles mesmos compoñían e interpretaban con soltura nos seus teclados de xeo.

Cando tocaban, as voces dos seus instrumentos escoitábanse por toda a Mansión poboánda de lúgubres e melancólicos sons. Sons que chegaban ao exterior, e facían

danzar ás folerpas de neve, que ían e viñan, ían e viñan derredor da vivenda, ata pousar lenes nos vidros das fiestras, brancas e sutís pantasma.

Mentres a Xente de Arriba pasaba o tempo nos seus apousentos, contemplando as lapas danzantes da cheminea, entregada ás súas raras afeccións culinarias, componendo e interpretando música fantasmagórica, ou mergullada na escuridade dos seus letargos,

a Cociñeira, e o Leñador, sen máis vontade que a de obedecer, traballaban todo o día sen descanso.

De anoitecida, extenuados, vencidos, retirábanse ao seu humilde cuarto, para caer abrazados no leito, onde logo de amarse, recuperada a mobilidade das súas ideas tiñan sempre un mesmo pensamento.

E imaxinaban que o eterno inverno no que vivían inmersos daba paso a unha leda e multicolor primavera.

Que axiña daba entrada a un espléndido estío.

Ao que á súa vez

sucedía un chuvioso e dourado outono.

Para volver

ao cabo de nove meses

á branca e silenciosa estación do frío.

Nove meses

Ah! Nove meses...

O tempo que dura a xestación dun ser humano.

II

*Un agujero en la noche
subitamente invadido por un ángel*

Alejandra Pizarnik

A filla dos servos fora xerada unha desas longas, case
eternas noites, no medio do gran silencio invernal.

A meniña naceu
xusto no instante en que caía unha intensa nevarada
e o vento ouleaba fero, varrendo de extremo a extremo
a inhóspita rexión.

E medrou
contemplando desde as estreitas fiestras da cociña
a monótona e ferinte brancura dunha paisaxe esteparia
que baixo a decrecente luz do atardecer
se volvía fantasmagórica e opaca.

Enchéndoa de indefinibles medos.

Aínda que para ela que xamais tivera ocasión de ollar
outro panorama, ese era o inmutable, o único rostro que
ostentaba o mundo.

Non había máis nada.

Dende moi, moi cativa, a nai foille inculcando á nena
certas normas que consideraba **INPRESCINDIBLES
PARA A SÚA SUPERVIVENCIA.**

1.^a. Estaba terminantemente prohibido entregarse a xogos ruidosos na Gran Mansión.

2.^a. Formular preguntas acerca dos Años.

3.^a Rir, chorar, falar en voz alta ou cantar.

4.^a Entrar na cova despensa, onde se gardaban o viño e todo tipo de alimentos aberrantes, entre eles as prezadas macetas de tileiros ananos, cuxas ramas proporcionaban á Cociñeira unha abundante colleita de cantárides.

Que para deleite da Xente de Arriba servíanse crúas, verdes, buliciosas... Aderezadas con salsas que a muller preparaba coa pericia dunha feiticeira, engadindo como cordial a dose xusta dun extracto de fungo letal e alucinógeno, que logo o Mordomo presentaba aos Años en fondos pratos de estaño, nas súas comidas principais.

Aínda que a prohibición das prohibicións, consistía no seguinte.

A pequerrecha.

Ah! A pequerrecha...

A pequerrecha polo seu ben debería absterse **TERMINANTEMENTE** de subir as escaleiras que conducían ás Altas Estancias.

Nin sequera

no suposto de que nalgún momento escoitase unha agradable e persuasiva voz, inducindo a facelo, se atrevería a pór un pé no primeiro chanzo ou rozalo.

A Xente de Arriba

temida e obedecida cegamente polos pais

era, como xa dixemos, misteriosa, moi, moi misteriosa...

E sumamente reservada, moi reservada.

De ningún modo debía ser molestada. E menos con asuntos domésticos ou referentes aos servos, que para eles valían menos ca un can.

A Xente de Arriba.

Ah! A xente de arriba...

Era sutil, moi sutil. Tanto, que ninguén a vía en parte ningunha, nin se apercibía dos seus pasos.

Os criados nunca sabían se roldaban ao seu redor, dada a rara facultade que lles permitía coarse por embaixo das portas e filtrarse a través das grosas paredes.

Polo tanto

os servos eran coidadosos, moi, moi coidadosos. Eludían facer comentarios entre eles acerca dos Amos, e cumprían con moita dilixencia o seu traballo.

Mais sempre, sempre a espreita...

Co temor reflectido nas miradas.

Xa que ás veces

sentían que o silencio que os roldaba tiña ollos...

E dedos, dedos longos, non visibles, que, rozándolles con sutileza os rostros, os tatuaban con sutís pegadas.

E cando a plenitude do silencio era máis fonda, un murmurio aterrador

vido de non sei onde

e que duraba apenas un instante

facíaos tremer.

Tanto

que daban en bater dente con dente.